

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36011579	IES A Guía	Vigo	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Lingua galega e literatura	4º ESO	3	105

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	6
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	7
4.1. Concrecións metodolóxicas	23
4.2. Materiais e recursos didácticos	23
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	24
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	24
6. Medidas de atención á diversidade	25
7.1. Concreción dos elementos transversais	25
7.2. Actividades complementarias	27
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	27
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	28
9. Outros apartados	28

1. Introducción

A presente programación pretende afianzar nesta etapa obrigatoria o uso da lingua a nivel oral e escrito e completalo cuns coñecementos básicos da historia social do galego e da literatura escrita en lingua galega. Debemos ter en conta as características sociolingüísticas na que se atopa o centro xa que son estas as que condicionan, en maior medida, o noso traballo. A contorna do centro é castelanófono polo que debemos ter como obxectivo non só a aprendizaxe dunha lingua senón a consecución de actitudes positivas que leven á súa utilización como lingua habitual. Por isto, o uso do galego na aula é obrigatorio e fomentaranse as situacións comunicativas que impliquen un uso oral informal da lingua, concretamente no tratamento dos contidos transversais. Alén das dificultades coa lingua galega, o alumnado que recibimos adoita pertencer a familias de nivel socio-cultural medio-baixo polo que nos atopamos con frecuencia con problemas de aprendizaxe máis complexos cós sinalados máis arriba.

Ademais destes obxectivos, deseñamos un perfil de saída de alumnado lingüísticamente hábil, pero sen deixar outras competencias que tamén se tratarán na materia, a fin de crear individuos autónomos que se poidan desenvolver en galego a súa vida post-educativa. No caso de Lingua galega e literatura as dúas competencias que se traballarán máis intensamente pola natureza intrínseca da materia son a competencia lingüística (CCL) e a competencia en conciencia e expresións culturais (CCEC). Ademais, en todos os bloques están implicadas tamén as competencias persoal, social e de aprender a aprender (CPSAA) e a competencia dixital (CD). A finalidade última é, pois, que o alumnado acade ao final da súa escolarización un dominio axeitado do idioma galego así como o coñecemento da súa historia e da súa literatura que o levará, sen dúbida, a ter unha mellor actitude de respecto cara a lingua que nos identifica.

Os criterios de avaliación e os contidos distribúense en catro bloques. En primeiro lugar, «As linguas e os seus falantes» recolle diferentes aspectos sociolingüísticos, facendo fincapé na diversidade lingüística e no desenvolvemento dunha actitude de respecto e aprecio pola lingua, carente de prexuízos de índole idiomática. O segundo bloque, «Comunicación» abarca os saberes implicados na comunicación oral e escrita e a alfabetización informacional e mediática. O terceiro bloque, «Educación literaria» procura consolidar o hábito lector do alumnado, incrementar a súa capacidade para interpretar textos literarios e realizar un achegamento ao contexto histórico-cultural do século XX e XXI. O cuarto e último bloque, «Reflexión sobre a lingua», pretende acometer a aprendizaxe da gramática a través dos textos e co obxectivo de mellorar a práctica escrita e oral do alumnado. Alén dos contidos lingüísticos, sociolingüísticos e literarios que inclúe a programación da materia de Lingua Galega e Literatura deste curso, cómpre tamén salientar a incorporación de nocións básicas doutras linguas como o catalán e o portugués, especialmente este último. Este fomento do ensino/aprendizaxe do portugués está en consonancia coa Lei 1/2014, do 24 de marzo, para o aproveitamento da lingua portuguesa e vínculos coa lusofonía, e coas directrices da Unión Europea relativas ao coñecemento das variedades lingüísticas próximas e, de modo especial, ás transfronteirizas que presentan vínculos históricos e estruturais tan evidentes como acontece co galego e o portugués.

O curso organizarase en tres trimestres e cada un consta de dúas unidades didácticas, a primeira, que se traballará o bloque de comunicación, e a segunda, que incidirá nos contidos dos outros tres bloques ("As linguas e os seus falantes", "Educación literaria" e "Reflexión sobre a lingua". En cada trimestre, a fin de fomentar a lectura en galego, a mellora da comprensión lectora en galego e a ampliación de vocabulario, o alumnado deberá ler un libro obrigatorio, que se valorará dentro do bloque de educación literaria.

Finalmente, continuaremos utilizando a plataforma Edixgal no presente curso, polo que a programación de tarefas e os materiais que se traballarán na aula tenderán a ser, maiormente, de acceso virtual, se ben se continuará incidindo no traballo con materiais tradicionais (libros, escritura manuscrita, etc.), a fin de afianzar as destrezas de lectura e escritura.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Describir e apreciar a diversidade lingüística do mundo a partir do recoñecemento das linguas do alumnado e a realidade plurilingüe e pluricultural da Península Ibérica, analizando a orixe e o desenvolvemento sociohistórico das súas linguas (e, máis concretamente, a do portugués, catalán e éuscaro), e as características das principais variedades dialectais do galego, para favorecer a reflexión interlingüística, combater os estereotipos e prexuízos e valorar a devandita diversidade como fonte de riqueza cultural.	1-5	2-3				1-2		1-3
OBX2 - Comprender e interpretar textos orais e multimodais recollendo o sentido xeral e a información máis relevante, identificando o punto de vista e a intención do emisor e valorando a súa fiabilidade, a súa forma e o seu contido, para construír coñecemento, formar opinión e ampliar as posibilidades de gozo e de lecer.	2	2	1	2-3	4	3		
OBX3 - Producir textos orais e multimodais con coherencia e fluidez e co rexistro adecuado, atendendo ás convencións propias dos diferentes xéneros discursivos, e participar en interaccións orais con actitude cooperativa e respectuosa, tanto para construír coñecemento e establecer vínculos persoais como para intervir de maneira activa e informada en diferentes contextos sociais.	1-3-5	2	1	2-3		2	1	
OBX4 - Comprender, interpretar e valorar textos escritos, con sentido crítico e diferentes propósitos de lectura recoñecendo o sentido global e as ideas principais e secundarias, identificando a intención do emisor, reflexionando sobre o contido e a forma e avaliando a súa calidade e fiabilidade para dar resposta ás necesidades e aos intereses comunicativos diversos e para construír coñecemento.	2-3-5	2	4	1	4	3		
OBX5 - Producir textos escritos e multimodais coherentes, cohesionados, adecuados e correctos atendendo ás convencións propias do xénero discursivo elixido, para construír coñecemento e para dar resposta de maneira informada, eficaz e creativa a demandas comunicativas concretas.	1-3-5		1	2-3	5	2		

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX6 - Seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes de maneira progresivamente autónoma, avaliando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e evitando os riscos de manipulación e desinformación, e integrala e transformala en coñecemento para comunicala desde un punto de vista crítico e persoal e, ao mesmo tempo, respectuoso coa propiedade intelectual.	3			1-2-3-4	4	2	3	
OBX7 - Seleccionar e ler de maneira autónoma obras diversas como fonte de pracer e coñecemento, configurando un itinerario lector que evolucione en canto á diversidade, complexidade e calidade das obras e compartir experiencias de lectura para construír a propia identidade lectora e para gozar da dimensión social da lectura.	1-4			3	1			1-2-3
OBX8 - Ler, interpretar e valorar obras ou fragmentos literarios do patrimonio galego, portugués e universal, utilizando unha metalinguaxe específica e mobilizando a experiencia biográfica e os coñecementos literarios e culturais que permitan establecer vínculos entre textos diversos e con outras manifestacións artísticas, para conformar un mapa cultural, ampliar as posibilidades de gozo da literatura e crear textos de intención literaria.	1-4					1		1-2-3-4
OBX9 - Mobilizar o coñecemento sobre a estrutura da lingua e os seus usos e reflexionar de maneira progresivamente autónoma sobre as eleccións lingüísticas e discursivas, coa terminoloxía axeitada, para desenvolver a conciencia lingüística, aumentar o repertorio comunicativo e mellorar as destrezas tanto de produción oral e escrita coma de recepción crítica.	1-2	2	1-2		5			
OBX10 - Pór as propias prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática, da resolución dialogada dos conflitos e da igualdade de dereitos de todas as persoas, utilizando unha linguaxe non discriminatoria e desterrando os abusos a través da palabra para favorecer un uso non só eficaz, senón tamén ético e democrático, da linguaxe.	1-5	3		3	3	1-2-3		

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Lingua 1	-Historia social da lingua no século XX e XXI -Repaso de clases de palabras. -A análise sintáctica por árbore: as frases. -A oración simple: suxeito e predicado. Tipos e identificación. -Bilingüismo e diglosia. A normalización lingüística. -Significado denotativo e connotativo. -O cambio de significado. -Os signos de puntuación.	10	15	X		
2	Literatura 1	--O comentario poético. -A poesía galega dos séculos XX e XXI. -Lectura dun libro a escoller da lista facilitada pola profesora.	10	10	X		
3	Comunicación 1	-A expresión oral: comentario dun poema. -A argumentación. Comprensión, análise e produción de textos argumentativos. -Toma de notas, esquemas, definicións e sínteses de textos argumentativos. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios. -Propiedades textuais. -Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos.	14	10	X		
4	Lingua 2	-Prexuízos e estereotipos lingüísticos. -Fenómenos dialectais. Bloques e áreas lingüísticas. -O portugués: semellanzas e direrenzas gráficas e léxicas (falsos amigos). -As relacións semánticas. -Mecanismos de cohesión: os deícticos. -A análise sintáctica por árbore: a oración simple. -As oracións impersoais. -A voz pasiva. -A oración coordinada. -Corrección dos erros ortográficos e gramaticais comúns.	10	15		X	
5	Literatura 2	-Características do texto teatral. -O teatro galego dos séculos XX e XXI. -Lectura dun libro a escoller da lista facilitada.	10	10		X	
6	Comunicación 2	-Expresión oral: comentario dun fragmento teatral. -Os textos argumentativos nos medios de comunicación: opinión, columna, críticas de cine... -A publicidade. Análise da imaxe e dos elementos paratextuais e lingüísticos. -Detección da manipulación na linguaxe, as falsas noticias. Redes sociais e medios de	13	10		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
6	Comunicación 2	comunicación. -A cooperación conversacional e a cortesía lingüística. -Resolución dialogada dos conflitos. -Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos.	13	10		X	
7	Lingua 3	-A norma e as variedades dialectais. -Préstamos e interferencias. -Niveis e rexistros. A variante estándar. -Lexislación sobre o galego. Comparación con outras linguas peninsulares. -O verbo: correlación temporal na subordinación de oracións. -Conectores textuais de causa, consecuencia, condición e hipótese. -Estrutura morfolóxica das palabras. Procedementos léxicos (afixos) e sintácticos para a mudanza de categoría. -A oración composta subordinada. -O éuscaro.	10	15			X
8	Literatura 3	-Características dos textos narrativos. -A narrativa galega dos séculos XX e XXI. -Lectura dun libro a escoller da lista facilitada.	10	10			X
9	Comunicación 3	-Expresión oral: comentario dun relato. -O discurso relatado: estilos directo, indirecto, indirecto libre e monólogo. -Expresión escrita: o currículo e a carta de motivación. -A entrevista de traballo. -Lingua oral e lingua escrita. -Alfabetización mediática e informacional. -Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos.	13	10			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Lingua 1	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer e valorar, a partir da explicación da orixe común do galego e do portugués e do seu desenvolvemento histórico e sociolingüístico, as semellanzas e diferenzas entre as dúas linguas, identificando e contrastando os trazos lingüísticos máis salientables e ampliando o repertorio léxico en lingua portuguesa.	Coñecer as orixes do galego e do portugués. Coñecer a historia sociolingüística do galego, especialmente a do século XX. Ser capaz de ler en portugués, identificando as equivalencias entre as grafías portuguesas e as galegas. Coñecer os falsos amigos léxicos entre galego e portugués.	PE	90
CA1.3 - Identificar e cuestionar prexuízos e estereotipos lingüísticos adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal a partir da análise da diversidade lingüística da contorna escolar e social próxima e da exploración e reflexión sociolingüística sobre os fenómenos de contacto entre linguas e da indagación dos dereitos lingüísticos individuais e colectivos.	Coñecer os prexuízos lingüísticos tradicionais que sofre o galego e identificar e saber contrarrestar os prexuízos lingüísticos modernos. Coñecer os dereitos fundamentais que establece a lexislación sobre o galego.		
CA4.1 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical, valorando o dominio do sistema fonético-fonolóxico, o uso do léxico tradicional e as construcións morfosintácticas máis xenuínas.	Coñecer a normativa da lingua, utilizar as formas adecuadas (colocación do pronome, formas verbais, tiles diacríticos) e manexar un léxico adecuado, libre de castelanismos.		
CA4.2 - Revisar os textos propios de maneira progresivamente autónoma e identificar e solucionar os problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Ser capaz de revisar e corrixir os textos propios.		
CA4.3 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e a metalinguaxe específica.	Identificar a intención comunicativa nun texto utilizando a metalinguaxe específica.		
CA4.4 - Formular xeneralizacións sobre algúns aspectos do funcionamento da lingua a partir da observación, a comparación e a transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e a procura de contraexemplos, utilizando a metalinguaxe específica e consultando de maneira progresivamente autónoma dicionarios, manuais e gramáticas.	Dominar a metalinguaxe específica dos contidos gramaticais e de pragmática vistos no trimestre.		
CA1.5 - Elaborar traballos de investigación de maneira progresivamente autónoma en diferentes soportes sobre diversos temas de interese académico, persoal ou social, partindo da información seleccionada.	Ser capaz de elaborar traballos de investigación manexando diferentes fontes e presentándoos adecuadamente e en prazo.	TI	10

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Ampliación do coñecemento do portugués. Semellanzas e diferenzas léxicas entre o galego e o portugués (falsos amigos).
- Desenvolvemento da reflexión sociolingüística. Exploración e rexeitamento de prexuízos e estereotipos lingüísticos.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Os fenómenos do contacto entre linguas: bilingüismo, diglosia, préstamos, interferencias. - Elaboración de traballos de investigación relacionados con temas de interese académico, persoal ou social. - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas. - Distinción entre a forma (categoría gramatical) e a función das palabras. A subordinación. A consolidación dos procedementos léxicos (afixos) e sintácticos para a mudanza de categoría. - Procedementos de adquisición e formación de palabras. Reflexión sobre as mudanzas no seu significado, as relacións semánticas entre palabras e os seus valores denotativos e connotativos en función do contexto e do propósito comunicativo. - Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramática para obter información gramatical básica. Elaboración de glosarios, recoñecemento de distintos tipos de dicionarios, potenciación das TIC a través do emprego do dicionario d - Promoción dun modelo lingüístico afastado da castelanización e da deturpación para conseguir unha lingua de calidade.

UD	Título da UD	Duración
2	Literatura 1	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.5 - Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico, atendendo á configuración e á evolución dos xéneros e subxéneros literarios.	Identificar os elementos básicos dos xéneros literarios e aplicarlos á lectura de textos literarios do século XX e XXI	PE	25
CA3.6 - Establecer de maneira progresivamente autónoma vínculos argumentados entre os textos lidos e outros textos escritos, orais ou multimodais, así como con outras manifestacións artísticas e culturais en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe e valores éticos e estéticos, mostrando a implicación e a resposta persoal do lector na lectura.	Relacionar obras da mesma autoría pero de distinto xénero, e obras do mesmo xénero de diferentes autores/as que se relacionen por temáticas ou correntes comúns.		
CA3.1 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais de certa complexidade, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.	Comprender o sentido, a estrutura e a información máis relevante de textos argumentativos e literarios.	TI	75
CA3.2 - Valorar criticamente o contido e a forma de textos de certa complexidade avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	Ser capaz de facer comentarios críticos de 100 palabras.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.3 - Ler de maneira autónoma textos seleccionados en función dos propios gustos, intereses e necesidades e deixar constancia do progreso do propio itinerario lector e cultural explicando os criterios de selección das lecturas, as formas de acceso á cultura literaria e a experiencia da lectura.	Lectura de 3 libros no curso dunha lista de 6. A lectura debe de ser completa e o alumnado deberá ser capaz de explicar e razoar algúns aspectos relacionados coa obra que se deducen da súa lectura e emitir un xuízo crítico da súa lectura cunha linguaxe adecuada.		
CA3.4 - Compartir a experiencia da lectura en soportes diversos relacionando o sentido da obra coa propia experiencia biográfica, lectora e cultural.	Compartir a experiencia lectora en debates na clase.		
CA3.7 - Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e coa axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, a partir da lectura de obras ou fragmentos significativos en que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios.	Crear textos con intención literaria a partir de obras ou fragmentos dados.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de forma progresivamente autónoma a partir dunha preselección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura. - Criterios e estratexias para a selección de obras variadas que inclúan autoras e autores galegos e, en menor medida, do ámbito lusófono a partir da utilización autónoma da biblioteca escolar e pública dispoñible. - Participación activa en actos culturais vinculados co circuíto literario e lector. - Expresión da experiencia lectora utilizando progresivamente unha metalinguaxe específica. Apropriación dos textos lidos a través de distintas formas de recreación. - Toma de conciencia e verbalización dos propios gustos e identidade lectora: aclarar os propósitos, activar o coñecemento de base, atender os contidos principais, avaliar a consistencia interna entre os contidos e os coñecementos previos, formular e avali - Mobilización da experiencia persoal, lectora e cultural para establecer vínculos de maneira argumentada entre a obra lida e aspectos da actualidade, así como con outros textos e manifestacións artísticas e culturais. - Estratexias para a recomendación das lecturas en soportes variados, respectando sempre a propiedade intelectual, ou ben oralmente entre iguais, enmarcando de maneira básica as obras nos xéneros e subxéneros literarios. - Lectura guiada. Lectura de obras e fragmentos relevantes da literatura do patrimonio literario galego e, en menor medida, do lusófono, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos. - Estratexias e modelos de construción compartida da interpretación das obras, como discusións, conversas literarias, debates e emisión razoada das opinións persoais coa incorporación progresiva da metalinguaxe específica. - Estratexias de utilización de información sociohistórica, cultural e artística básica para construír a interpretación das obras literarias: achegamento ao contexto, á corrente literaria, ao autor ou autora e establecemento de parentescos literarios. - Relación e comparación dos textos lidos con outros textos orais, escritos ou multimodais, con outras manifestacións artísticas e culturais e coas novas formas de ficción en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes. Elementos de continuidade e d - Estratexias para interpretar obras e fragmentos literarios a partir da integración dos diferentes aspectos analizados e atendendo aos valores culturais, éticos e estéticos presentes nos textos. Lectura con perspectiva de xénero. Visibilización do univers

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Lecturas de obras que promovan a defensa dos dereitos humanos e a conciencia ambiental. - Lectura expresiva, dramatización e recitación dos textos atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralización implicados. - Creación de textos a partir da apropiación das convencións da linguaxe literaria e en referencia a modelos dados (imitación, transformación, continuación etc.).

UD	Título da UD	Duración
3	Comunicación 1	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Comprender e valorar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais, escritos e multimodais de certa complexidade de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos e avaliando a súa calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Comprender o sentido global de textos argumentativos.	TI	100
CA2.2 - Realizar exposicións e argumentacións orais e escritas de certa extensión e complexidade con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social, educativo e profesional axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez, coherencia e cohesión e co rexistro adecuado en diferentes soportes, utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	Realizar unha exposición oral durante o trimestre e dúas argumentacións orais e escritas de certa extensión e complexidade.		
CA2.3 - Participar de maneira activa e axeitada en interaccións orais informais e en situacións orais formais de carácter dialogado, mantendo actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística.	Participar, usando o galego, nos debates que se planteen na clase, mantendo actitudes de escoita activa e de cortesía lingüística.		
CA2.4 - Comprender, valorar e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais de certa complexidade, realizando as inferencias necesarias e avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	Sinalar a estrutura dun texto (especialmente textos argumentativos), identificar ideas principais e secundarias e ser capaz de resumilo,		
CA2.5 - Planificar a redacción de textos escritos e multimodais sinxelos, atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle, presentando, despois da súa revisión, un texto final coherente, cohesionado e co rexistro adecuado.	Redactar comentarios de texto e textos argumentativos.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.6 - Localizar, seleccionar e contrastar información de maneira progresivamente autónoma procedente de diferentes fontes calibrando a súa fiabilidade e reelabora-la e comunicala de maneira creativa adoptando un punto de vista crítico e respectando os principios de propiedade intelectual.	Seleccionar información de máis dunha fonte, citántoas, e reproducila respectando a propiedade intelectual.		
CA2.7 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable das tecnoloxías dixitais con relación á procura e á comunicación da información, reflexionando sobre as posibles manipulacións presentes nas canles de transmisión da información.	Usar criticamente as tecnoloxías dixitais e reflexionar sobre a manipulación da información. Identificar informacións falsas.		
CA2.8 - Revisar os textos propios de maneira progresivamente autónoma e identificar e solucionar os problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Redactar textos correctos desde o punto de vista da gramática, do léxico e da construción textual.		
CA2.9 - Identificar e desterrar os usos discriminatorios da lingua, os abusos a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe partindo da reflexión e da análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais da comunicación.	Identificar os usos discriminatorios da lingua e evitalos. Utilizar unha linguaxe inclusiva.		
CA2.10 - Utilizar estratexias para a resolución dialogada dos conflitos, procurando consensos, tanto no ámbito persoal coma no educativo e no social.	Utilizar estratexias para a resolución dialogada de conflitos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Secuencias textuais básicas, con especial atención ás argumentativas. - Propiedades textuais: coherencia, cohesión e adecuación. - Procesos de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Interacción oral e escrita de carácter informal e formal: cooperación conversacional e cortesía lingüística. Es-coita activa, asertividade e resolución dialogada dos conflitos. - Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal, dos abusos a través da palabra e dos usos - Produción oral formal: planificación e procura de información, textualización e revisión. Adecuación á audiencia e ao tempo de exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal. A deliberación oral argumentada. A ex - Produción escrita: planificación, textualización, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de notas, esquemas, mapas conceptuais, definici - Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. - Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital. - Os signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado.

UD	Título da UD	Duración
4	Lingua 2	15

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Recoñecer e valorar as variantes dialectais do galego, identificando os trazos fónicos, gramaticais e léxicos máis característicos dos bloques e das principais áreas lingüísticas, establecendo as diferenzas respecto da norma e distinguindo estes trazos dos sociolectais e de rexistro en manifestacións orais, escritas e multimodais.	Recoñecer os trazos dialectais principais (seseo e gheada), e identificar o bloque dialectal ao que pertence un texto.	PE	100
CA1.3 - Identificar e cuestionar prexuízos e estereotipos lingüísticos adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal a partir da análise da diversidade lingüística da contorna escolar e social próxima e da exploración e reflexión sociolingüística sobre os fenómenos de contacto entre linguas e da indagación dos dereitos lingüísticos individuais e colectivos.	Coñecer os prexuízos lingüísticos tradicionais que sofre o galego e identificar e saber contrarrestar os prexuízos lingüísticos modernos. Coñecer os dereitos fundamentais que establece a lexislación sobre o galego.		
CA1.5 - Elaborar traballos de investigación de maneira progresivamente autónoma en diferentes soportes sobre diversos temas de interese académico, persoal ou social, partindo da información seleccionada.	Ser capaz de elaborar traballos de investigación manexando diferentes fontes e presentándoos adecuadamente e en prazo.		
CA4.1 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical, valorando o dominio do sistema fonético-fonolóxico, o uso do léxico tradicional e as construcións morfosintácticas máis xenuínas.	Coñecer a normativa da lingua, utilizar as formas adecuadas (colocación do pronome, formas verbais, tiles diacríticos) e manexar un léxico adecuado, libre de castelanismos.		
CA4.2 - Revisar os textos propios de maneira progresivamente autónoma e identificar e solucionar os problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Ser capaz de revisar e corrixir os textos propios.		
CA4.3 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e a metalinguaxe específica.	Identificar a intención comunicativa nun texto utilizando a metalinguaxe específica.		
CA4.4 - Formular xeneralizacións sobre algúns aspectos do funcionamento da lingua a partir da observación, a comparación e a transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e a procura de contraexemplos, utilizando a metalinguaxe específica e consultando de maneira progresivamente autónoma dicionarios, manuais e gramáticas.	Dominar a metalinguaxe específica dos contidos gramaticais e de pragmática vistos no trimestre.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Fenómenos dialectais fónicos, gramaticais e léxicos dos bloques e das áreas lingüísticas do galego. Comparación entre a norma e as variedades dialectais. - Diferenzas entre os trazos dialectais, os sociolectos e os rexistros. - Elaboración de traballos de investigación relacionados con temas de interese académico, persoal ou social. - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas. - Procedementos de adquisición e formación de palabras. Reflexión sobre as mudanzas no seu significado, as relacións semánticas entre palabras e os seus valores denotativos e connotativos en función do contexto e do propósito comunicativo. - Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramática para obter información gramatical básica. Elaboración de glosarios, recoñecemento de distintos tipos de dicionarios, potenciación das TIC a través do emprego do dicionario d - Promoción dun modelo lingüístico afastado da castelanización e da deturpación para conseguir unha lingua de calidade.

UD	Título da UD	Duración
5	Literatura 2	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais de certa complexidade, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.	Comprender o sentido, a estrutura e a información máis relevante de textos argumentativos e literarios.	PE	85
CA3.2 - Valorar criticamente o contido e a forma de textos de certa complexidade avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	Ser capaz de facer comentarios críticos de 100 palabras.		
CA3.3 - Ler de maneira autónoma textos seleccionados en función dos propios gustos, intereses e necesidades e deixar constancia do progreso do propio itinerario lector e cultural explicando os criterios de selección das lecturas, as formas de acceso á cultura literaria e a experiencia da lectura.	Lectura de 1 libro no trimestre dunha lista de 2. A lectura debe de ser completa e o alumnado deberá ser capaz de explicar e razoar algúns aspectos relacionados coa obra que se deducen da súa lectura e emitir un xuízo crítico da súa lectura cunha linguaxe adecuada.		
CA3.5 - Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico, atendendo á configuración e á evolución dos xéneros e subxéneros literarios.	Identificar os elementos básicos dos xéneros literarios e aplicarlos á lectura de textos literarios do século XX e XXI		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.6 - Establecer de maneira progresivamente autónoma vínculos argumentados entre os textos lidos e outros textos escritos, orais ou multimodais, así como con outras manifestacións artísticas e culturais en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe e valores éticos e estéticos, mostrando a implicación e a resposta persoal do lector na lectura.	Relacionar obras da mesma autoría pero de distinto xénero, e obras do mesmo xénero de diferentes autores/as que se relacionen por temáticas ou correntes comúns.		
CA3.4 - Compartir a experiencia da lectura en soportes diversos relacionando o sentido da obra coa propia experiencia biográfica, lectora e cultural.	Compartir a experiencia lectora en debates na clase.		
CA3.7 - Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e coa axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, a partir da lectura de obras ou fragmentos significativos en que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios.	Crear textos con intención literaria a partir de obras ou fragmentos dados.	TI	15

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de forma progresivamente autónoma a partir dunha prelección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura. - Criterios e estratexias para a selección de obras variadas que inclúan autoras e autores galegos e, en menor medida, do ámbito lusófono a partir da utilización autónoma da biblioteca escolar e pública dispoñible. - Participación activa en actos culturais vinculados co circuíto literario e lector. - Expresión da experiencia lectora utilizando progresivamente unha metalinguaxe específica. Apropiación dos textos lidos a través de distintas formas de recreación. - Toma de conciencia e verbalización dos propios gustos e identidade lectora: aclarar os propósitos, activar o coñecemento de base, atender os contidos principais, avaliar a consistencia interna entre os contidos e os coñecementos previos, formular e avali - Mobilización da experiencia persoal, lectora e cultural para establecer vínculos de maneira argumentada entre a obra lida e aspectos da actualidade, así como con outros textos e manifestacións artísticas e culturais. - Estratexias para a recomendación das lecturas en soportes variados, respectando sempre a propiedade intelectual, ou ben oralmente entre iguais, enmarcando de maneira básica as obras nos xéneros e subxéneros literarios. - Lectura guiada. Lectura de obras e fragmentos relevantes da literatura do patrimonio literario galego e, en menor medida, do lusófono, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos. - Estratexias e modelos de construción compartida da interpretación das obras, como discusións, conversas literarias, debates e emisión razoada das opinións persoais coa incorporación progresiva da metalinguaxe específica. - Estratexias de utilización de información sociohistórica, cultural e artística básica para construír a interpretación das obras literarias: achegamento ao contexto, á corrente literaria, ao autor ou autora e establecemento de parentescos literarios. - Relación e comparación dos textos lidos con outros textos orais, escritos ou multimodais, con outras manifestacións artísticas e culturais e coas novas formas de ficción en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes. Elementos de continuidade e d - Estratexias para interpretar obras e fragmentos literarios a partir da integración dos diferentes aspectos analizados e atendendo aos valores culturais, éticos e estéticos presentes nos textos. Lectura con perspectiva de xénero. Visibilización do univers

Contidos

- Lecturas de obras que promovan a defensa dos dereitos humanos e a conciencia ambiental.
- Lectura expresiva, dramatización e recitación dos textos atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralización implicados.
- Creación de textos a partir da apropiación das convencións da linguaxe literaria e en referencia a modelos dados (imitación, transformación, continuación etc.).

UD	Título da UD	Duración
6	Comunicación 2	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Comprender e valorar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais, escritos e multimodais de certa complexidade de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos e avaliando a súa calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Comprender o sentido global de textos publicitarios e argumentativos.	TI	100
CA2.2 - Realizar exposicións e argumentacións orais e escritas de certa extensión e complexidade con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social, educativo e profesional axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez, coherencia e cohesión e co rexistro adecuado en diferentes soportes, utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	Realizar unha exposición oral durante o trimestre e dúas argumentacións orais e escritas de certa extensión e complexidade.		
CA2.3 - Participar de maneira activa e axeitada en interaccións orais informais e en situacións orais formais de carácter dialogado, mantendo actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística.	Participar, usando o galego, nos debates que se planteen na clase, mantendo actitudes de escoita activa e de cortesía lingüística.		
CA2.4 - Comprender, valorar e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais de certa complexidade, realizando as inferencias necesarias e avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	Sinalar a estrutura dun texto (especialmente textos argumentativos), identificar ideas principais e secundarias e ser capaz de resumilo,		
CA2.5 - Planificar a redacción de textos escritos e multimodais sinxelos, atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle, presentando, despois da súa revisión, un texto final coherente, cohesionado e co rexistro adecuado.	Redactar comentarios de texto e textos argumentativos e publicitarios.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.6 - Localizar, seleccionar e contrastar información de maneira progresivamente autónoma procedente de diferentes fontes calibrando a súa fiabilidade e reelaborala e comunicala de maneira creativa adoptando un punto de vista crítico e respectando os principios de propiedade intelectual.	Seleccionar información de máis dunha fonte, citántoas, e reproducila respectando a propiedade intelectual.		
CA2.7 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable das tecnoloxías dixitais con relación á procura e á comunicación da información, reflexionando sobre as posibles manipulacións presentes nas canles de transmisión da información.	Usar criticamente as tecnoloxías dixitais e reflexionar sobre a manipulación da información. Identificar informacións falsas.		
CA2.8 - Revisar os textos propios de maneira progresivamente autónoma e identificar e solucionar os problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Redactar textos correctos desde o punto de vista da gramática, do léxico e da construción textual.		
CA2.9 - Identificar e desterrar os usos discriminatorios da lingua, os abusos a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe partindo da reflexión e da análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais da comunicación.	Identificar os usos discriminatorios da lingua e evitalos. Utilizar unha linguaxe inclusiva.		
CA2.10 - Utilizar estratexias para a resolución dialogada dos conflitos, procurando consensos, tanto no ámbito persoal coma no educativo e no social.	Utilizar estratexias para a resolución dialogada de conflitos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Xéneros discursivos propios do ámbito social. Redes sociais e medios de comunicación. Etiqueta dixital e ris-cos de desinformación, manipulación e vulneración da privacidade na Rede. Análise da imaxe e dos elementos paratextuais dos textos icónico-verbais - Procesos de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Interacción oral e escrita de carácter informal e formal: cooperación conversacional e cortesía lingüística. Es-coita activa, asertividade e resolución dialogada dos conflitos. - Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal, dos abusos a través da palabra e dos usos - Produción oral formal: planificación e procura de información, textualización e revisión. Adecuación á audiencia e ao tempo de exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal. A deliberación oral argumentada. A ex - Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica. Os abusos de poder e a manipulación a través da linguaxe. As falsas noticias. Valoración - Produción escrita: planificación, textualización, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de notas, esquemas, mapas conceptuais, definici - Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. - Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consulta e

Contidos
- de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.

UD	Título da UD	Duración
7	Lingua 3	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Valorar a lingua éuscara, analizando as súas características máis salientables para coñecer e comprender a realidade lingüística de España.	Coñecer a existencia do éuscaro, a situación sociolingüística e identificalo oralmente.	PE	100
CA1.5 - Elaborar traballos de investigación de maneira progresivamente autónoma en diferentes soportes sobre diversos temas de interese académico, persoal ou social, partindo da información seleccionada.	Ser capaz de elaborar traballos de investigación manexando diferentes fontes e presentándoos adecuadamente e en prazo.		
CA4.1 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical, valorando o dominio do sistema fonético-fonolóxico, o uso do léxico tradicional e as construcións morfosintácticas máis xenuínas.	Coñecer a normativa da lingua, utilizar as formas adecuadas (colocación do pronome, formas verbais, tiles diacríticos) e manexar un léxico adecuado, libre de castelanismos.		
CA4.2 - Revisar os textos propios de maneira progresivamente autónoma e identificar e solucionar os problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Ser capaz de revisar e corrixir os textos propios.		
CA4.3 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e a metalinguaxe específica.	Identificar a intención comunicativa nun texto utilizando a metalinguaxe específica.		
CA4.4 - Formular xeneralizacións sobre algúns aspectos do funcionamento da lingua a partir da observación, a comparación e a transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e a procura de contraexemplos, utilizando a metalinguaxe específica e consultando de maneira progresivamente autónoma dicionarios, manuais e gramáticas.	Dominar a metalinguaxe específica dos contidos gramaticais e de pragmática vistos no trimestre.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Indagación sobre os dereitos lingüísticos e a súa expresión en leis e declaracións institucionais.
- Valoración e comprensión das principais características do éuscaro.
- Elaboración de traballos de investigación relacionados con temas de interese académico, persoal ou social.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas. - Diferenzas relevantes e interseccións entre a lingua oral e a lingua escrita atendendo a aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos. - Distinción entre a forma (categoría gramatical) e a función das palabras. A subordinación. A consolidación dos procedementos léxicos (afixos) e sintácticos para a mudanza de categoría. - Relación entre os esquemas semántico e sintáctico da oración composta (subordinada). Observación e transformación de enunciados de acordo con estes esquemas e uso da terminoloxía sintáctica necesaria. - Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramática para obter información gramatical básica. Elaboración de glosarios, recoñecemento de distintos tipos de dicionarios, potenciación das TIC a través do emprego do dicionario d - Promoción dun modelo lingüístico afastado da castelanización e da deturpación para conseguir unha lingua de calidade.

UD	Título da UD	Duración
8	Literatura 3	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais de certa complexidade, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.	Comprender o sentido, a estrutura e a información máis relevante de textos argumentativos e literarios.	PE	85
CA3.2 - Valorar criticamente o contido e a forma de textos de certa complexidade avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	Ser capaz de facer comentarios críticos de 100 palabras.		
CA3.3 - Ler de maneira autónoma textos seleccionados en función dos propios gustos, intereses e necesidades e deixar constancia do progreso do propio itinerario lector e cultural explicando os criterios de selección das lecturas, as formas de acceso á cultura literaria e a experiencia da lectura.	Lectura de 1 libro no trimestre dunha lista de 2. A lectura debe de ser completa e o alumnado deberá ser capaz de explicar e razoar algúns aspectos relacionados coa obra que se deducen da súa lectura e emitir un xuízo crítico da súa lectura cunha linguaxe adecuada.		
CA3.5 - Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico, atendendo á configuración e á evolución dos xéneros e subxéneros literarios.	Identificar os elementos básicos dos xéneros literarios e aplicarlos á lectura de textos literarios do século XX e XXI		
CA3.6 - Establecer de maneira progresivamente autónoma vínculos argumentados entre os textos lidos e outros textos escritos, orais ou multimodais, así como con outras manifestacións artísticas e culturais en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe e valores éticos e estéticos, mostrando a implicación e a resposta persoal do lector na lectura.	Relacionar obras da mesma autoría pero de distinto xénero, e obras do mesmo xénero de diferentes autores/as que se relacionen por temáticas ou correntes comúns.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.4 - Compartir a experiencia da lectura en soportes diversos relacionando o sentido da obra coa propia experiencia biográfica, lectora e cultural.	Compartir a experiencia lectora en debates na clase.	TI	15
CA3.7 - Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e coa axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, a partir da lectura de obras ou fragmentos significativos en que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios.	Crear textos con intención literaria a partir de obras ou fragmentos dados.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de forma progresivamente autónoma a partir dunha prelección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura. - Criterios e estratexias para a selección de obras variadas que inclúan autoras e autores galegos e, en menor medida, do ámbito lusófono a partir da utilización autónoma da biblioteca escolar e pública dispoñible. - Participación activa en actos culturais vinculados co circuío literario e lector. - Expresión da experiencia lectora utilizando progresivamente unha metalinguaxe específica. Apropriación dos textos lidos a través de distintas formas de recreación. - Toma de conciencia e verbalización dos propios gustos e identidade lectora: aclarar os propósitos, activar o coñecemento de base, atender os contidos principais, avaliar a consistencia interna entre os contidos e os coñecementos previos, formular e avali - Mobilización da experiencia persoal, lectora e cultural para establecer vínculos de maneira argumentada entre a obra lida e aspectos da actualidade, así como con outros textos e manifestacións artísticas e culturais. - Estratexias para a recomendación das lecturas en soportes variados, respectando sempre a propiedade intelectual, ou ben oralmente entre iguais, enmarcando de maneira básica as obras nos xéneros e subxéneros literarios. - Lectura guiada. Lectura de obras e fragmentos relevantes da literatura do patrimonio literario galego e, en menor medida, do lusófono, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos. - Estratexias e modelos de construción compartida da interpretación das obras, como discusións, conversas literarias, debates e emisión razoada das opinión persoais coa incorporación progresiva da metalinguaxe específica. - Estratexias de utilización de información sociohistórica, cultural e artística básica para construír a interpretación das obras literarias: achegamento ao contexto, á corrente literaria, ao autor ou autora e establecemento de parentescos literarios. - Relación e comparación dos textos lidos con outros textos orais, escritos ou multimodais, con outras manifestacións artísticas e culturais e coas novas formas de ficción en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes. Elementos de continuidade e d - Estratexias para interpretar obras e fragmentos literarios a partir da integración dos diferentes aspectos analizados e atendendo aos valores culturais, éticos e estéticos presentes nos textos. Lectura con perspectiva de xénero. Visibilización do univers - Lecturas de obras que promovan a defensa dos dereitos humanos e a conciencia ambiental. - Lectura expresiva, dramatización e recitación dos textos atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralización implicados. - Creación de textos a partir da apropiación das convencións da linguaxe literaria e en referencia a modelos dados (imitación, transformación, continuación etc.).

UD	Título da UD	Duración
9	Comunicación 3	10

Cráterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Comprender e valorar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais, escritos e multimodais de certa complexidade de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos e avaliando a súa calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Comprender o sentido global de textos publicitarios e argumentativos.	TI	100
CA2.2 - Realizar exposicións e argumentacións orais e escritas de certa extensión e complexidade con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social, educativo e profesional axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez, coherencia e cohesión e co rexistro adecuado en diferentes soportes, utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	Realizar unha exposición oral durante o trimestre e dúas argumentacións orais e escritas de certa extensión e complexidade.		
CA2.3 - Participar de maneira activa e axeitada en interaccións orais informais e en situacións orais formais de carácter dialogado, mantendo actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística.	Participar, usando o galego, nos debates que se planteen na clase, mantendo actitudes de escorita activa e de cortesía lingüística.		
CA2.4 - Comprender, valorar e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais de certa complexidade, realizando as inferencias necesarias e avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	Sinalar a estrutura dun texto (especialmente textos argumentativos), identificar ideas principais e secundarias e ser capaz de resumilo,		
CA2.5 - Planificar a redacción de textos escritos e multimodais sinxelos, atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle, presentando, despois da súa revisión, un texto final coherente, cohesionado e co rexistro adecuado.	Redactar comentarios de texto e textos da vida laboral.		
CA2.6 - Localizar, seleccionar e contrastar información de maneira progresivamente autónoma procedente de diferentes fontes calibrando a súa fiabilidade e reelaborala e comunicala de maneira creativa adoptando un punto de vista crítico e respectando os principios de propiedade intelectual.	Seleccionar información de máis dunha fonte, citántoas, e reproducila respectando a propiedade intelectual.		
CA2.7 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable das tecnoloxías dixitais con relación á procura e á comunicación da información, reflexionando sobre as posibles manipulacións presentes nas canles de transmisión da información.	Usar criticamente as tecnoloxías dixitais e reflexionar sobre a manipulación da información. Identificar informacións falsas.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.8 - Revisar os textos propios de maneira progresivamente autónoma e identificar e solucionar os problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Redactar textos correctos desde o punto de vista da gramática, do léxico e da construción textual.		
CA2.9 - Identificar e desterrar os usos discriminatorios da lingua, os abusos a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe partindo da reflexión e da análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais da comunicación.	Identificar os usos discriminatorios da lingua e evitalos. Utilizar unha linguaxe inclusiva.		
CA2.10 - Utilizar estratexias para a resolución dialogada dos conflitos, procurando consensos, tanto no ámbito persoal coma no educativo e no social.	Utilizar estratexias para a resolución dialogada de conflitos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Xéneros discursivos propios do ámbito profesional: o currículo, a carta de motivación e a entrevista de traballo. - Procesos de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Interacción oral e escrita de carácter informal e formal: cooperación conversacional e cortesía lingüística. Es-coita activa, asertividade e resolución dialogada dos conflitos. - Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal, dos abusos a través da palabra e dos uso - Produción oral formal: planificación e procura de información, textualización e revisión. Adecuación á audien-cia e ao tempo de exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal. A deliberación oral argumentada. A ex - Produción escrita: planificación, textualización, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de notas, esquemas, mapas conceptuais, definici - Alfabetización mediática e informacional: procura e selección da información con criterios de fiabilidade, cali-dade e pertinencia; análise, valoración, reorganización e síntese da información en esquemas propios e trans-formación en coñecemento; comunica - Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. - Mecanismos de cohesión. Conectores textuais de causa, consecuencia, condición e hipótese. Mecanismos de referencia interna, gramaticais e léxicos (nominalizacións e hiperónimos de significado abstracto). - Correlación temporal na subordinación de oracións e no discurso relatado. - Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consul-ta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A materia de Lingua galega e literatura orientarase a mellorar as destrezas orais e escritas do alumnado, a fomentar a valoración do idioma propio, contribuíndo a desenvolver unha conciencia de compromiso individual e colectivo cara á lingua e ao seu uso, e a coñecer a nosa literatura e espertar o interese pola lectura en galego.

Para o fomento da oralidade e a superación de prexuízos que o alumnado puidese ter fronte ao uso do idioma, desenvolveranse planificaranse actividades orais (dramatizacións, exposicións orais). Fomentarase o traballo cooperativo na aula como modo de crear situacións comunicativas que permitan o uso da lingua entre iguais. Favorecerase o uso informal da lingua en actividades orais non planificadas, partindo de temas de interese para o alumnado, e no tratamento dos temas transversais na aula. Ademais, partindo de textos orais atractivos para os e as estudantes e en formatos que senten próximos (podcast, vídeos), traballarase a comprensión oral, e darán pé ao desenvolvemento de debates, argumentacións, etc.

A mellora da competencia escrita é un pilar básico desta materia. Abandonarase un enfoque excesivamente gramatical, para partir do texto escrito e do texto oral, tendo en conta os coñecementos previos do alumnado e desenvolver unha aprendizaxe significativa e práctica. A gramática non será o obxecto de estudo, senón o uso das palabras e das estruturas sintácticas no texto. Utilizarase a gamificación para mellorar o compromiso coa aprendizaxe e a motivación do alumnado.

No estudo da literatura seguirase un criterio de xénero, de xeito que o alumnado acade, ao final de curso, un coñecemento básico sobre a literatura en galego do século XX e XXI e unha certa destreza nos elementos básicos de cada xénero que lle permita unha análise crítica das lecturas con criterios literarios. Para o estudo dos conceptos básicos (de cultura e sociedade de cada momento) necesarios para chegar á comprensión dos textos utilizarase a técnica da aula invertida, de xeito que, partindo de cuestionarios para os que deben buscar as respostas (en textos e vídeos), permita ao alumnado desenvolver unha aprendizaxe autónoma. A aprendizaxe da literatura basearase na lectura, comprensión e análise dos textos. En cada trimestre realizarase un pequeno proxecto que consistirá na exposición oral dun comentario literario dun texto do xénero traballado na aula.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Aula edixgal
Libro online de edebé dispoñible na aula edixgal.
Webs de materiais e recursos en galego.
Vídeos de youtube.
Recursos da biblioteca escolar: libros de lectura, xornais, revistas, dicionarios.
Normas ortográficas do idioma galego (dispoñible online).

Os materiais de traballo e estudo estarán dispoñibles na aula edixgal, organizados por unidades didácticas e por trimestres. En cada unidade aparecerán detallados os materiais de estudo e práctica Edixgal e o acceso ao libro de texto de Edebé. Ademais facilitaranse enlaces a diferentes webs con material e recursos didácticos en galego: antoloxías literarias, textos comentados, páxinas de historia da lingua e sociolingüística, dicionarios, tradutores de portugués, música galega, etc. Para textos orais utilizaranse vídeos de youtube e podcast dispoñibles en diferentes webs. Para as lecturas terán á disposición os exemplares dispoñibles na biblioteca do centro, así como para o traballo con xornais e revistas en galego. Facilitaráselles para a súa descarga o enlace ás Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego que a Xunta puxo a libre disposición en internet.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Durante as primeiras semanas farase unha avaliación inicial que se baseará no traballo realizado na aula e poderá incluír unha proba específica. Os indicadores que se avaliarán serán os seguintes:

-Comprende correctamente textos orais ou escritos adecuados ao nivel.

-Fala en galego durante a clase e ten unha actitude positiva cara ao uso da lingua na aula.

-Escribe en galego un texto breve con coherencia, adecuación e un nivel de corrección lingüística aceptable.

Se se detectase alumnado con necesidades educativas especiais, falarase co departamento de orientación para valorar a posibilidade de deseñar unha adaptación curricular, a ser posible, conxuntamente co departamento de Lingua castelá. Para o alumnado cun retraso curricular non significativo, esperarase aos resultados da primeira avaliación para aplicar medidas de reforzo.

Os resultados da avaliación inicial exporanse na reunión conxunta de todo o equipo docente onde se tomarán medidas sobre o alumnado que pode e debe acceder a agrupamentos flexibles, de os haber para o curso en cuestión. Poderase propoñer a alumnado para clases de apoio, en función da dispoñibilidade horaria da docente de PT.

Para o alumnado exento de galego deseñarase un plan específico en función do ano de exención e das capacidades lingüísticas do alumnado.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	10	10	14	10	10	13	10	10	13	100
Proba escrita	90	25	0	100	85	0	100	85	0	48
Táboa de indicadores	10	75	100	0	15	100	0	15	100	52

Criterios de cualificación:

Cualificación da 1ª, 2ª, 3ª avaliación:

En cada avaliación impartiranse tres unidades que serán avaliadas do seguinte xeito:

- As unidades referidas ao bloque de comunicación oral e escrita terán un peso dun 40% da nota e serán avaliadas mediante táboas de indicadores de consecución de competencias orais e escritas, habilidades de traballo na aula, etc.

- As unidades de lingua e de literatura, referidas aos contidos dos bloques de "A lingua e os seus falantes", "Educación literaria" e "Reflexión sobre a lingua" terán un peso dun 60%. Estas unidades serán avaliadas con tres probas escritas por trimestre (sendo unha delas a proba de comprobación de lectura).

En cada avaliación será obrigatorio a lectura dun libro a escoller dunha listaxe de seis que se lles facilitará a principio de curso. A lectura avaliarase nunha proba escrita ou oral e o resultado (apto/non apto) incluírase na valoración dos contidos literarios. Debido a que a lectura de libros adecuados ao nivel se considera prioritario, un resultado "non apto" (é dicir, lectura non rematada ou libro non comprendido) multiplicará por cero a nota obtida na proba escrita de contidos literarios, o que implicará que a nota de literatura é cero.

O uso da lingua galega na aula é obrigatorio e por conseguinte o alumno que non faga uso dela, ou se negue a facer a proba específica de valoración desta competencia (exposición oral, dramatizacións, recitacións, etc.) obterá unha cualificación inferior a cinco na avaliación por non poder ser avaliado nunha das destrezas fundamentais da materia. Para poder ter unha cualificación positiva no trimestre será imprescindible terse presentado a todas a probas de avaliación calendarizadas.

Cualificación final: a media das unidades de comunicación valerá un 40% da nota e a media das unidades de lingua e literatura valerá un 60% da nota final.

Criterios de recuperación:

Dado que a maior parte dos contidos son progresivos, non se establecerán recuperacións parciais das avaliacións. A cualificación final responderá á traxectoria do/a estudante durante o curso, polo que a posibilidade de presentarse a recuperacións parciais valorarase de maneira personalizada, de maneira que só se ofrecerá esta posibilidade ás persoas que superando algunha parte da materia concreta poidan acadar os obxectivos. Poderanse facer probas de recuperación das destrezas e contidos suspensos en comunicación oral, comunicación escrita, contidos literarios e contidos lingüísticos (gramática e sociolingüística) e recuperación das lecturas obrigatorias durante o terceiro trimestre. Así mesmo, poderanse abrir prazos de entrega de traballos de reforzo ou apertura de tempo extra para a repetición de actividades avaliadas nas avaliacións anteriores para o alumnado que non acadara os obxectivos do curso.

6. Medidas de atención á diversidade

Na avaliación inicial detectaranse o alumnado que precisa unha atención educativa máis personalizada. Se se detectasen necesidades educativas especiais, e de acordo co equipo de orientación e co resto do equipo docente, procederase á realización das adaptacións curriculares individualizadas por parte da profesora que imparte docencia ao alumnado que o precise e que así o aprobe a Administración educativa. De ser posible, farase en colaboración co departamento de Lingua castelá.

Para o alumnado que non acaden os desempeños considerados mínimos para cada unidade, aplicaranse medidas de reforzo no momento en que tales deficiencias fosen detectadas. Utilizarase o material complementario, que se facilitará a través da aula virtual ou da plataforma Edixgal. Poderanse solicitar traballos específicos que reforcen aquilo que o/a estudante precise mellorar (expresión e comprensión escrita, de reflexión gramatical ou sociolingüística, ou de educación literaria). Aplicaranse cambios metodolóxicos como os seguintes:

- Cambio do tipo de probas coas que se avalían as destrezas e os contidos.
- Entrega de traballos complementarios que aborden os contidos desde un punto de vista que faciliten a súa asimilación (elaboración de esquemas e resumos, ou pequenos traballos de investigación sobre os contidos non asimilados).
- Flexibilidade na entrega de probas ou traballos.
- Utilización de reforzos positivos para o alumnado cuxo fracaso se debe á falta de motivación.

Poderanse establecer na aula diferentes ritmos de aprendizaxe con materiais de traballo distintos, de xeito que se poida reforzar os desempeños considerados mínimos en cada unidade.

Para o alumnado exento, e dado que dispoñen dun ordenador de aula, utilizarase como material de aprendizaxe os cursos CELGA online con autoaprendizaxe e outros materiais en papel que permitan a aprendizaxe autónoma.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Educación afectivo-sexual e de xénero	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Igualdade de xénero	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Educación emocional e en valores			X			X		
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Comunicación audiovisual			X			X		
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Creatividade			X			X		

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.8 - Formación estética		X	X		X	X		X
ET.9 - Educación para a sustentabilidade e o consumo responsable			X			X		
ET.10 - Respecto mutuo e cooperación entre iguais			X			X		
ET.11 - Resolución pacífica de conflitos			X			X		
ET.12 - Respecto polos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, igualdade, o pluralismo político, a paz e a democracia			X			X		
ET.13 - Respecto polo Estado de dereito, rexeitamento da violencia terrorista.			X			X		
ET.14 - Respecto polos dereitos humanos			X			X		

	UD 9
ET.1 - Educación afectivo-sexual e de xénero	X
ET.2 - Igualdade de xénero	X
ET.3 - Educación emocional e en valores	X
ET.4 - Competencia dixital	X
ET.5 - Comunicación audiovisual	X
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico	X
ET.7 - Creatividade	X
ET.8 - Formación estética	X
ET.9 - Educación para a sustentabilidade e o consumo responsable	X
ET.10 - Respecto mutuo e cooperación entre iguais	X
ET.11 - Resolución pacífica de conflitos	X

	UD 9
ET.12 - Respecto polos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, igualdade, o pluralismo político, a paz e a democracia	X
ET.13 - Respecto polo Estado de dereito, rexeitamento da violencia terrorista.	X
ET.14 - Respecto polos dereitos humanos	X

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Ruta Castelao e visita ao Museo de Pontevedra	Percorrerase a cidade de Pontevedra evocando percorridos relacionados coa estancia de Castelao en Pontevedra e finalizará no museo da cidade visitando a sala dedicada a Castelao.	X		
Actividades do 25 N	De acordo coas actividades programadas no centro, o alumnado de 4º participará nas actividades relacionadas co día contra a violencia contra as mulleres.	X		
Donas de si	Dentro do programa Donas de si, o alumnado de 4º fará unha actividade complementaria relacionada coas escritoras galegas do século XXI		X	
Día das letras galegas	Faranse actividades relacionadas co autor ou autora a quen se lle dedica o Día das Letras Galegas.			X

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
O deseño da programación axustouse aos tempos e ás capacidades do alumnado.
As actividades desenvoltas foron proporcionais ao grao de dificultade requirido nas probas de avaliación.
O número de suspensos da materia é similar ao das outras materias afíns.
Metodoloxía empregada
Os materiais, actividades e recursos didácticos empregados foron útiles e motivadores para a aprendizaxe.
As actividades complementarias e extraescolares programadas foron útiles e motivadoras.

Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
O alumnado coñece en todo momento cales son os criterios de cualificación da materia.
Medidas de atención á diversidade
Aplicáronse medidas de reforzo que facilitaron que todo o alumnado acadase os contidos mínimos.
As ACI aplicadas serviron para mellorar significativamente as capacidades e destrezas do alumnado ao que se lle aplicaron.
O plan de reforzo de materias pendentes permitiu a superación das dificultades na maioría do alumnado que estaba neste caso.
O plan específico personalizado para alumnado repetidor contribuíu á superación das dificultades na materia da maioría do alumnado que estaba neste caso.
Clima de traballo na aula
O alumnado amósase globalmente satisfeito co traballo desenvolvido e coa aprendizaxe acadada.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
A comunicación coas familias e a coordinación didáctica desenvolveuse sen atrancos.

Descrición:

Os indicadores de logro descritos arriba servirán para a análise da consecución dos obxectivos cos que foi elaborada a presente programación didáctica. A análise e seguimento da programación farase nas reunións de departamento que se celebren despois das avaliacións, e na avaliación final. Poderanse facer cuestionarios ao alumnado que recollan algúns dos indicadores específicos que fan referencia ás impresións do alumnado sobre a materia.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Ao remate de cada trimestre e ao final de curso avaliarase o proceso de ensino-aprendizaxe. Nas reunións de departamento analizaranse os resultados de avaliación, o seguimento da programación e a adecuación dos criterios de cualificación, cos datos que aportan as cualificacións das sesións de avaliación, as consideracións de cada unha das docentes do departamento. A final de curso poderase utilizar algún instrumento (unha enquisa on line, por exemplo) a modo de autoavaliación do alumnado na que se medirá o seu grao de motivación na materia, o tempo dedicado á mesma e o acordo coa avaliación obtida en base aos criterios de cualificación establecidos. Poderase incluír calquera outro aspecto que se considere necesario para valorar a programación e programar a súa mellora (no sentido dos indicadores de logro especificados no apartado anterior).

En función dos datos obtidos nas avaliacións dos resultados e da programación trimestral nas reunións de departamento faranse reestruturacións dos contidos, metodoloxía, medidas de atención á diversidade e adaptación dos criterios de cualificación para a mellora de resultados nas avaliacións pendentes. En xuño analizaranse os resultados na última reunión de departamento e faranse propostas concretas de mellora da programación.

9. Outros apartados